



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 30/09/2010 ACTA Nº 7

ASISTENTES:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
- D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
- D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
- D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
- D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, membro non adscrito
- D. José Castor Novoa Fernández, membro non adscrito
- D. Manuel Diéguez Carballo, membro non adscrito
- D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, membro non adscrito

SECRETARIO:

- D. Jesús Angel Ledo Cores, por substitución do titular (Decreto 17/09/2010)

INTERVENTORA:

- D^a Mónica Legaspi Díaz. Non asiste.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día trinta de setembro de dous mil dez, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario accidental, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria anterior do día 29/07/2010.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

2º.- COMUNICACIONES OFICIAIS.-Deuse conta das seguintes:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2.1.-Decreto do 30/08/2010.-Xustificación realización obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”. Deuse conta do citado decreto no que se relacionan as facturas e certificacións de obra asinadas polo Arquitecto Director facultativo D. Plácido Lizancos Mora e o contratista “Antonio Framiñán S.L.” e no que se aproba a memoria de actuación referente á obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”

2.2.-Comunicación vía fax da Consellería de Medio Ambiente Territorio e infraestructuras, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en relación coa Orde do 24 de setembro de 2010 sobre aprobación definitiva da “Modificación Puntual do PXOU de Chantada para a construción dun dotacional na Praza de Galicia” Deuse conta da orde remitida polo ente autonómico na que se dá aprobación definitiva á modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Chantada para a construción dun dotacional na Praza de Galicia.

3º.-ROZA DE VIAIS MUNICIPAIS.-Deuse conta do dictame da Comisión Informativa de data 27 de setembro de 2010 que é do seguinte teor literal:

“2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO SERVIZO PUBLICO “ROZA DOS VIAIS MUNICIPAIS NO TERMO MUNICIPAL DE CHANTADA.

Por Providencia da Alcaldía de data 2/06/2010 iniciouse o procedementoe de contratación do servizo público de “Desbroce de viales no termo municipal de Chantada”, polo procedemento aberto e varios criterios de adxudicación.

Por acordo plenario de data 2/07/2010 aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de “Desbroce de viais no termo municipal de Chantada”, mediante a modalidade de concesión, aprobando o gasto e convocando a súa licitación.

Vista a acta da mesa de contratación de data 26/08/2010 de apertura do sobre A (documentación administrativa) na que se require á única empresa presentada a xustificación da clasificación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Vista a acta da mesa de contratación de data 9/09/2010 na que se propón ao órgano de contratación a exclusión da empresa “ICOS S.C.G.” por non cumprir co requisito da clasificación do Grupo O, Subgrupo 2 o 6 Categoría a), e a declaración da licitación deserta.

Considerando o disposto nos artigos 130 e 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 51 e 81 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo dictame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Excluir da licitación á empresa “ICOS , S.C.G” por non cumprir co requisito de clasificación o Grupo O, Subgrupo 2 o 6, Categoría a), de acordo coa acta da mesa de contratación de data 9/09/2010.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO.- Declarar deserta a licitación do contrato do servizo público “Desbroce de vias no termo municipal de Chantada, aprobada na sesión plenaria de data 2/07/2010, e proceder ó arquivo do expediente, sen prexuízo de iniciar un novo expediente de contratación.

TERCERO.- Notifica-lo presente acordo á empresa “ICOS , S.C.G”, e comunicarlo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.”.

Sometida a votación a comisión informativa, por 5 votos a favor e a abstención da membro do grupo municipal do PP, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Excluir da licitación á empresa “ICOS , S.C.G” por non cumprir co requisito de clasificación o Grupo O, Subgrupo 2 o 6, Categoría a), de acordo coa acta da mesa de contratación de data 9/09/2010.

SEGUNDO.- Declarar deserta a licitación do contrato do servizo público “Desbroce de vias no termo municipal de Chantada, aprobada na sesión plenaria de data 2/07/2010, e proceder ó arquivo do expediente, sen prexuízo de iniciar un novo expediente de contratación.

TERCERO.- Notifica-lo presente acordo á empresa “ICOS , S.C.G”, e comunicarlo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.”.

Sen debate previo aprobose, por unanimidade, o ditame da comisión informativa.

4º.- PROPOSTA DE CAMBIO DE NOME DAS RUAS DE CHANTADA. Deuse conta neste punto da orde do día do ditame da Comisión Informativa de data 27 de setembro de 2010 que é do seguinte teor literal:

3º.- PROPOSTA DE CAMBIO DE NOME DAS RUAS DE CHANTADA

Considerando o disposto na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a dictadura (Lei da Memoria Histórica), que prevé no seu articulado a retirada de símbolos, nomes de rúas e monumentos relacionados co franquismo, de todos os lugares públicos:

“Artículo 15. Símbolos y monumentos públicos.

1. Las Administraciones públicas, en el ejercicio de sus competencias, tomarán las medidas oportunas para la retirada de escudos, insignias, placas y otros objetos o menciones conmemorativas de exaltación, personal o colectiva, de la sublevación militar, de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura. Entre estas medidas podrá incluirse la retirada de subvenciones o ayudas públicas.

2. Lo previsto en el apartado anterior no será de aplicación cuando las menciones sean de estricto recuerdo privado, sin exaltación de los enfrentados, o cuando concurren razones artísticas, arquitectónicas o artístico-religiosas protegidas por la Ley.

3. El Gobierno colaborará con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales en la elaboración de un catálogo de vestigios relativos a la Guerra Civil y la Dictadura a los efectos previstos en el apartado anterior.

4. Las Administraciones públicas podrán retirar subvenciones o ayudas a los propietarios privados que no actúen del modo previsto en el apartado 1 de este artículo.”

En reunión de portavoces municipais celebrada o derradeiro mércores día 23 de xuño de 2010, acordamos presentar por escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Chantada, para tratar de acadar o maior consenso posible, a relación de nomes de rúas a retirar e as propostas de nova denominación:

NOME ACTUAL	NOME PROPOSTO
Ex_Combatientes	Muiñeira de Chantada
Calvo Sotelo	Rúa do Comercio
Alférez Provisional	Rúa do Parque
Alférez Baanante	Uxio Novoneyra
Luis Soto Lemos	Fontearcada
Hermanos Taboada	Carlos Otero Díaz
Luciano Travadelo	Doutor Mariano Cedrón
Conde de Guadalhorce	Alameda Xavier Costa Clavell
Travesía Avenida de Ourense	Serra do Faro
Praza rúa Alemania	Praza da Paz
Travesia Calvo Sotelo	Rúa da Paz
Praza Buen Jesús	Catro Camiños
Travesia Juan XXIII	Anxel Gómez Montero
Tres ruas de nova creación no Barrio de Marín	Rúa de Carballedo Rúa do Saviñao Rúa de Rodeiro

Considerando o disposto no artigo 75 do RD 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Población e Demarcación Territorial.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Proponse ao Pleno da Corporación, previo dictame favorable da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o cambio de nome das seguintes ruas de Chantada:

NOME ACTUAL	NOME PROPOSTO
Ex_Combatientes	Muiñeira de Chantada
Calvo Sotelo	Rúa do Comercio
Alférez Provisional	Rúa do Parque
Alférez Baanante	Uxio Novoneyra
Luis Soto Lemos	Fontearcada
Hermanos Taboada	Carlos Otero Díaz
Luciano Travadelo	Doutor Mariano Cedrón
Conde de Guadalhorce	Alameda Xavier Costa Clavell
Travesía Avenida de Ourense	Serra do Faro
Praza rúa Alemania	Praza da Paz
Travesia Calvo Sotelo	Rúa da Paz
Praza Buen Jesús	Catro Camiños
Travesia Juan XXIII	Anxel Gómez Montero

SEGUNDO.- Aprobar os seguintes nomes para as tres rúas de nova creación no barrio de Marín de Chantada, segundo o Anexo ao presente acordo:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Rúa de Carballedo
- Rúa do Saviñao
- Rúa de Rodeiro

TERCEIRO- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios da Corporación e nos medios de comunicación locais para o seu xeral coñecemento.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo aos vecinos afectados, aos servizos municipais de Padrón de habitantes, Policía Local, Urbanismo e Recadación, á empresa redactora do PXOU, ao Instituto Nacional de Estatística, ao Catastro Inmobiliario, á oficina de Correos de Chantada, e ao Rexistro da Propiedade de Chantada para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Sometida a votación a proposta formulada a Comisión Informativa, por 5 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG e membros non adscritos e a abstención da concelleira do PP propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o cambio de nome das seguintes ruas de Chantada:

NOME ACTUAL	NOME PROPOSTO
Ex Combatientes	Muiñeira de Chantada
Calvo Sotelo	Rúa do Comercio
Alfárez Provisional	Rúa do Parque
Alfárez Baanante	Uxio Novoneyra
Luis Soto Lemos	Fontearcada
Hermanos Taboada	Carlos Otero Díaz
Luciano Travadelo	Doutor Mariano Cedrón
Conde de Guadalhorce	Alameda Xavier Costa Clavell
Travesía Avenida de Ourense	Serra do Faro
Praza rúa Alemania	Praza da Paz
Travesía Calvo Sotelo	Rúa da Paz
Praza Buen Jesús	Catro Camiños
Travesía Juan XXIII	Anxel Gómez Montero

SEGUNDO.- Aprobar os seguintes nomes para as tres rúas de nova creación no barrio de Marín de Chantada, segundo o Anexo ao presente acordo:

- Rúa de Carballedo
- Rúa do Saviñao
- Rúa de Rodeiro

TERCEIRO- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios da Corporación e nos medios de comunicación locais para o seu xeral coñecemento.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo aos vecinos afectados, aos servizos municipais de Padrón de habitantes, Policía Local, Urbanismo e Recadación, á empresa redactora do PXOU, ao Instituto Nacional de Estatística, ao Catastro Inmobiliario, á oficina de Correos de Chantada, e ao Rexistro da Propiedade de Chantada para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Iníciase o debate intervindo en primeiro lugar a Concelleira do grupo municipal do PP Sra. Carbón Seijas para manifestar que non van a apoiar nin o cambio nin o nome que se lles asigna as rúas polo que anuncia o seu voto en contra da aprobación do ditame.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Varela Rodríguez, membro non adscrito do pleno anuncia a súa abstención.

Intervén a seguir o Sr. Ledo Fernández para facer unha defensa da proposta aludindo á lexislación relativa á memoria histórica que é no que se basea o cambio que se propón.

Rematado o debate pasouse á votación que reflectiu o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 7 (PS de G e BNG)
VOTOS EN CONTRA: 2 (Grupo Municipal do PP)
ABSTENCIÓNS: 4 (membros non adscritos)

Xa que logo, á vista do resultado da votación aprobouse o contido íntegro do ditame da Comisión Informativa de data 27 de setembro de 2010.

5º.-PXOU.-Deuse conta do ditame da Comisión Informativa de data 27 de setembro de 2010 que é do seguinte teor literal:

“4º.-PXOU.-EXTE. 314/01/2007.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE CHANTADA. ASUNTO: REVOCACION DA APROBACION INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANA DE CHANTADA.

Visto o proxecto do “Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada” redactado pola empresa “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.”.

Resultando que por acordo plenario do día 28/08/2009 aprobouse inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada e o Informe de Sostibilidade Ambiental, abríndose un período de información pública durante dous meses no que se acordou asemade a suspensión no outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cunhas novas determinacións que supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente (publicado no DOGA do día 14/09/2009).

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal de data 21/08/2009.

Visto o certificado do Secretario Municipal de data 16/11/2009 sobre as alegacións presentadas respecto da aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada.

Vistas as consultas ás administracións afectadas e os informes preceptivos sectoriais solicitados e demais documentación que consta no expediente.

Considerando o disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro do seguinte teor:

“DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-Plans en tramitación:

1.-Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.-Os que, nesa mesma data, fosen xa aprobados inicialmente poderán adaptarse íntegramente a esta lei ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

determinacións deberán adaptarse plenamente a esta lei. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta lei non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretendan introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación, extremo que será obxecto de informe polo secretario ou pola secretaria municipal”.

Considerando o disposto nos artigos 52 e seguintes e 84 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; e na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Considerando o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Propónse ao Pleno da Corporación, previo dictame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Revocar por imperativo legal o acordo plenario do día 28/08/2009 de aprobación inicial do “Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada”, para proceder á adaptación das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada ao contido da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

SEGUNDO. Levantar a suspensión xeral do otorgamento de licenzas urbanísticas acordada na sesión plenaria do día 28/08/2009.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á empresa “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.” e ao departamento municipal de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nos dous xornais de maior difusión na Provincia.”

A Comisión Informativa, por cinco votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG e membros non adscritos, e unha abstención correspondente ao grupo municipal do PP propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Revocar por imperativo legal o acordo plenario do día 28/08/2009 de aprobación inicial do “Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada”, para proceder á adaptación das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada ao contido da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

SEGUNDO. Levantar a suspensión xeral do otorgamento de licenzas urbanísticas acordada na sesión plenaria do día 28/08/2009.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á empresa “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.” e ao departamento municipal de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

CUARTO.- Publicar o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nos dous xornais de maior difusión na Provincia.”

Iniciouse o debate e despois dunha breve exposición da Presidencia intervén a voceira do Grupo Municipal do PP Sra. Carbón Seijas para manifestar que van a votar a favor da aprobación deste dictame pero manifesta non entende-los argumentos que esgrime o grupo de goberno.

Intervén o membro non adscrito Sr. Varela Rodríguez para salientar a gran cantidade de diñeiro que se está a gastar cos ires e vires na aprobación deste e outros plans xa propostos

facendo alusión asimesmo aos recortes que se prevén nas áreas de expansión nos núcleos rurais e á información e desinformación que se leva vertido sobre este asunto sobre todo no medio rural.

Intervén o concelleiro Ledo para manifestar o elevadísimo número de reclamacións á aprobación do Plan motivadas pola mala información que se facilitou neste sentido.

Unha vez rematado o debate pásase á votación quedando aprobada a proposta pola unanimidade dos membros da corporación.

6º.-Mocións dos grupos políticos.-Tratáronse as seguintes presentadas polo grupo municipal do PP.

6.1.-Moción do Grupo Municipal do Partido Popular relativa ao aprazamento da devolución das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009.-Deuse lectura da moción pola voceira do Grupo Municipal do PP, Sra. Carbón Seijas, que na súa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“...Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a consideración do Pleno da Corporación Municipal os seguintes acordos:

1.-Manifesta-la necesidade de revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das CCAA do réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, para a devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2008 e 2009, vencellando o inicio desta devolución a unha taxa de crecemento positiva do PIB autonómico do 2% e alongando no tempo o prazo actualmente fixado para a devandita devolución alomenos ata as 10 anualidades.

2.-Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidenta Segunda, a todos os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e nas Cortes Españolas e á Xunta de Galicia”.

Logo da defensa da voceira mocionante intervén o concelleiro Sr. Mazaira Varela que fai unha exposición da postura do seu grupo en relación con este asunto obxecto de moción e solicita que conste en acta literalmente o seguinte:

“Compartindo a preocupación pola escaseza de medios económicos que se prevén para o conxunto das administracións públicas, tamén a Administración central diferimos da obstinación do PP en intentar que miremos so para onde eles queren: a diminución de ingresos da facenda estatal e as repercusións na facenda galega e na dos concellos.

Polo contrario pensamos que non se entende nada do que pasou no último ano, e sobre todo non é posíbel idear remedios eficaces sen partir da realidade: Crise financeira que provocou a “evaporación” de milleiros de millóns de Euros da contabilidade dos grandes bancos ao teren que contabilizar como tales aos activos tóxicos que non tiñan valor real



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

ningún, pero sobre todo que PP e PSOE acordaran que a “desfeita” dos banqueiros, para que seguisen a ser os donos, se pagase con fondos públicos. Cincuenta mil millóns de € dunha tacada (máis de oito millóns de millóns de pesetas, non de antigas que non as hai modernas). Si é difícil facernos idea do que son 50.000.000.000 € botemos man das comparacións e veremos que cinco veces o orzamento do Ministerio de Fomento para inversións reais no 2009, ou tres veces e media os 15.000.000.000 € que o Estado vai aforrar en dous anos coa baixada de soldo aos funcionarios e coa conxelación das pensións.

Dito isto, a sociedade do Estado Español non soporta os recortes que impón a ditadura dos financeiros que se manifesta nos cartos que Galiza ten que devolver ao Estado, pero tamén e sobre todo nas dificultades económicas de empresas e autónomos, coa conseguinte

repercusión nos traballadores. Pero empresas, autónomos e traballadores non parecen preocupar o suficiente ao PP alo menos para se enfrontaren á ditadura dos bancos.

Polo dito, discrepamos radicalmente da iniciativa fogueteira do PP e non a apoiamos mentres nos presenten acordos do tipo:

- 1. Instar ao Goberno central e á Xunta de Galiza a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal que conleve a responsabilización sobre os nosos recursos a través da territorialización completa dos tributos en Galiza, que abranga a súa recadación, xestión e capacidade normativa, contando para iso cunha Axencia Tributaria galega.*
- 2. Instar ao Goberno central a que de xeito inmediato atalle o déficit creado pola irresponsábel prodigalidade de PP e PSOE cos bancos, suprimindo a custosa e inxusta misión de guerra imperialista que se está a levar en Afganistán.*
- 3. Instar ao Goberno central a que de xeito tamén inmediato se aumente os impostos para as rendas máis altas pero non co simbólico 1% proposto nos orzamentos do Estado senón con 10 ou 12 puntos até achegarnos tamén para os ricos, á fiscalidade doutros países europeos e recuperando o imposto sobre o patrimonio para os ricos e rematando co escándalo das SICAV, as famosas sociedades de inversión de capital variable, que comparativamente pagan moito menos que o tremendo esforzo que se nos esixe aos traballadores”.*

Iníciase debate intevindo o membro non adscrito Sr. Varela Rodríguez para manifestar que estaría disposto a aproba-la moción se se introducise unha emenda á mesma na que se puxese de manifestó que deberían de se-los concellos, CC.AA e FEGAMP os que se unirán para buscar un mecanismo axeitado para dar solución a este asunto, cuestión á que non se opón o grupo municipal do PP, que non vé inconvincente en incluír este punto na moción que se presenta.

Pasouse á votación da emenda que é rexeitada por 7 votos en contra, os do grupo municipal do PS de G e BNG, e 6 a favor dos membros non adscritos e voceiros do PP.

A seguir vótase a moción presentada que é rexeitada por 7 votos en contra dos Grupos PS de G e BNG, 2 votos a favor do Grupo municipal do PP e 4 abstencións dos membros non adscritos.

6.2.-Moción do Grupo Municipal Popular en relación co P.E.I.M. Rural 2009/2010. Deuse conta da moción presentada que na súa parte dispositiva é do seguinte teor literal:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

“...Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a consideración do Pleno da Corporación Municipal os seguintes acordos:

1.-Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Merio Rural e Mariño a cumprir as obrigas e compromisos adquiridos no PEIM Rural 2009/2010, de tal xeito que con cargo aos seus respectivos Orzamentos do 2010 a Xunta aporte 9,5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño 19 millóns de euros, o que permitirá que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia poida proceder á licitación, contratación e execución das obras que benefician a este Concello na anualidade de 2010 e polo importe que o goberno bipartido da Xunta de Galicia xa comunicara no seu momento.

2.-Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

Fíxose a lectura e defensa da moción por parte do concelleiro do PP, Sr. Janeiro Rodríguez e a seguir intervén o Concelleiro do Grupo de Goberno Sr. Ledo Fernández para

manifestar que o financiamento relativo a este plan está na Consellería, que é a que ten que libralos pero todavía non os ten remitido a este Concello, anunciando neste intre o seu voto en contra a esta moción.

Intervén o membro da corporación Sr. Varela Rodríguez para manifestar que este asunto xa se tratou nunha moción na Deputación Provincial de Lugo e que ao parecer é a propia Xunta de Galicia a través da Consellería a que está a retrasar estes investimentos.

Pasouse á votación da moción que foi rexeitada por 7 votos en contra correspondentes aos grupos municipais do PS de G e BNG, 2 votos a favor do Grupo Municipal do PP e 4 abstencións correspondentes aos membros non adscritos da corporación.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia convidou aos grupos municipais se hai algúnha proposta para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas. Non se formulou ningúnha proposta.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

*Polo Sr. Varela Rodríguez formuláronse as seguintes preguntas:

1º.- En relación co campo de fútbol, pregunta quen corre co seu mantemento, xa que:

- Os asentos sempre están mollados e a agua discorre por eles.
- Faltan focos de alumado para un bó entramento nocturno.
- O caucho do terreo de xogo está apelotonado e pégase nos botíns de xogo.
- Os asentos sempre están cheos de pó polo que ao sentarse a xente ensuciase.
- A publicidade estática está moi deteriorada dando mala imaxe.
- Existe un acopio de material en mal estado dunha empresa de Chantada.
- Os que rexentan o bar teñen que retirar toda a mercadoría cada vez que pechan xa que non hai seguridade.
- Os desaugadoiros das duchas son escasos e non evacúan a auga eficazmente.

2º.-En relación coas pistas de tenis:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Existen fochas na pista, que se ben se repararon fíxose de xeito provisorio.
- Vallas deterioradas nas pistas, que se ben achaca ao vandalismo, habería que darles solución.
- So hai un vestiario.-Non é suficiente.

3º.-En relación coa gardería municipal.

- Pregunta si a Xunta de Galicia asumiu o personal da gardería municipal e si se aumenta o personal ou non.

RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULADAS:

Tomou a palabra o Concelleiro Sr. Piñeiro Díaz, unha vez autorizado pola presidencia, para dar resposta ás preguntas formuladas do seguinte xeito:

-En relación coas rellas e a bancada do campod e fútbol non figuraba dentro do proxecto inicial polo que se está en trámites para a obtención de subvencións para dotar ao campo de futbol desas infraestructuras e teñen comprometida unha subvención por importe de 6000 euros coa Deputación Provincial de Lugo e solicitada outra á Xunta de Galicia por importe de 12.000 euros.

-En relación co caucho do campo de futbol son coñecedores da problemática e están a facer as xestións oportunas coa empresa e cos técnicos da mesma para solucionalo.

-En relación coa iluminación, manifesta que no campo de fútbol hoxe hai instalados 16.000 W de potencia cando había 8000. Entende que esta non é unha actuación prioritaria pero tratarase de facelo.

-En relación coas fochas das pistas de tenis, están reparadas pero alude a que o mellor sistema para a xestión das pistas é a través dunha entidade externa ao concello que é no que se está a traballar, e que sexa ésta a que terme do citado centro deportivo. Engade asimesmo que se está na procura de ampliar o vestiario existente.

-En relación coa gardería municipal resposta que dende mañán o personal da gardería pasa a pertencer á Xunta de Galicia e en relación co seu aumento informa que a día de hoxe hai 23 nenos en lista de espera e que ten coñecemento de que a Xunta ten a previsión de abrir unha 4ª aula e entende a título personal que, como mínimo, habería que dotala con outras 2 persoas.

Sendo as vinteunha horas e quince minutos, e téndose cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 30 de setembro de 2010

O Alcalde

O Secretario acctal

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Jesús Angel Ledo Cores